

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

UNIVERSIDADE DE TÜBINGEN

Rosalía, a estudo en Alemaña

Na xornada de debate sobre a poeta intervirán Helena González, Anxo Angueira e Leo i Arremecaghoná canda a expertos alemáns.

Redacción - 11:05 14/12/2007

Rosalía de Castro foi un dos mellores expoñentes do romanticismo europeo do XIX, un movemento que acadou unha importancia fundamental en Alemaña e Europa Central. A obra e a figura de Rosalía sempre foi obxecto de estudo nas universidades europeas. Polo tanto non é extraño que o Centro de Estudos Galegos da [Universidade de Tübingen](#), no sur de Alemaña, lle [dedique unha xornada](#) á poeta ao longo do venres.

O catedrático de Filloxía Romárina [Johannes Kabatek](#) será o encargado de presentar a xornada a partir das oito da tarde. a continuación Wolfgag Matzat e Inga Baumann afondarán na importancia de Rosalía no contexto do romantismo europeo. Helena González falará a partir das cinco da influencia de Rosalía nas escritoras galegas da actualidade. Finalmente, ás seis menos cuarto [Anxo Angueira](#) ofrecerá unha conferencia titulada *Rosalía de Castro: Poeta Nacional de Galicia*, que culminará cun recital poético-musical a cargo do propio Angueira e de [Leo de Matamá](#).

A xornada galega en Tübingen pecharase co concerto de [Leo i Arremecaghoná](#) no bar Lichtenstein (no Marktplatz), a partir das oito e cuarto da noite.